



anteriormente, así como que a presentación de calquera recurso non suspenderá os actos recadatorios municipais, agás que así o acorde o órgano competente.

Avión, 1 de abril de 2019. O alcalde.

Asdo.: Antonio Montero Fernández.

Anuncio

Por el presente se hace público que por acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno Local de este Ayuntamiento de Avión, en su sesión ordinaria de 1 de abril de 2019, se aprobaron los padrones fiscales y sus listas cobratorias de los siguientes tributos municipales, correspondientes al ejercicio de 2019:

- Impuesto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Tasa por la recogida domiciliar de basura.
- Impuesto sobre bienes inmuebles de características especiales correspondiente a Gas Natural Fenosa Generación, SLU, por el embalse de Albarelos.

Lo que se expone al público, sirviendo también como notificación colectiva, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 124.3 de la Ley General Tributaria, por plazo de un mes, contado desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento. Durante este plazo los interesados podrán consultar y formular por escrito las alegaciones o reclamaciones que consideren oportunas contra las inclusiones, exclusiones o alteraciones de cualquier dato contenido en dichos padrones, así como la presentación de los siguientes recursos:

- Potestativamente, recurso de reposición ante la Junta de Gobierno Local de este Ayuntamiento o ante el Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria.

- Directa o subsidiariamente, recurso contencioso-administrativo, ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, o recurso económico-administrativo ante el Tribunal Económico-Administrativo Regional de Galicia, según corresponda.

- Cualquier otro recurso que los interesados consideren pertinente en defensa de sus derechos, haciendo constar que no se podrán presentar simultáneamente los recursos mencionados anteriormente, así como que la presentación de cualquier recurso no suspenderá los actos recaudatorios municipales, excepto que así lo acuerde el órgano competente.

Avión, 1 de abril de 2019. El alcalde.

Fdo.: Antonio Montero Fernández.

R. 900

Avión

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello de Avión, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de abril de 2019, aprobou as seguintes:

Bases para a contratación laboral temporal, mediante contrato de interinidade, de 1 praza vacante de limpadora no cadro de persoal laboral deste Concello de Avión ata a súa cobertura definitiva

Primeira.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é a contratación laboral temporal, mediante o contrato de interinidade, para cubrir temporalmente o posto de traballo previsto no cadro de persoal laboral deste Concello de Avión coa denominación de “Limpador/a” actualmente vacante, por xubilación da ata de agora traballadora contratada para este, durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva.

Segunda.- Modalidade de contratación

O contrato formalizarase baixo a modalidade de contrato laboral temporal de interinidade previsto no artigo 4.1, parágrafo 2.º do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores, e ao abeiro do disposto no apartado 2, punto b) do mesmo artigo. A súa duración coincidirá co tempo que dure o proceso de selección para a cobertura definitiva da praza denominada “Limpador/a”, incluída no cadro de persoal laboral deste Concello de Avión actualmente vacante por xubilación da ata de agora traballadora contratada para este.

Terceira.- Retribucións

O contrato ten unha retribución total íntegra para 2019, en cómputo anual, de 13.267,52 euros, incrementándose cada ano na porcentaxe que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cuarta.- Funcións

As funcións a levar a cabo serán, con carácter xeral, as sinaladas no artigo 169.1.d) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e máis concretamente as de limpeza dos distintos edificios públicos tanto de titularidade municipal como aqueles outros sobre os que recae no Concello a obriga do seu mantemento e conservación ordinaria. E a maiores as que, para a súa categoría, poda encomendarlle o Sr. alcalde do Concello. Todo iso segundo consta na descrición do posto de traballo no catálogo dos postos de traballo e cadro de persoal da Corporación aprobado, xunto co orzamento municipal ordinario, polo Pleno do Concello, na súa sesión do 28 de febreiro de 2019.

Quinta.- Condicións dos/as aspirantes

1. Para tomar parte neste proceso de selección, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a. Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo iso nos termos do artigo 57 do Estatuto básico do empregado público.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b. Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c. Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalente para os efectos laborais (o certificado de escolaridade considérase equivalente ao graduado escolar segundo a Orde ECD/1417/2012, do 20 de xuño, pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e doutros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación a efectos laborais).



d. Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto deste contrato.

e. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas ou das entidades locais, nin atoparse inhabilitado/a para o desempeño de postos de traballo nas administracións públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

f. Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

2. Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polos/as aspirantes na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, cando menos, ata o momento da formalización do contrato.

Sexta.- Solicitudes

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas reguladas nas presentes bases deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Avión. A instancia conterá, polo lo menos, os datos persoais e de contacto de quen o solicite e fará constar expresamente que reúne todas e cada unha das condicións esixidas na base 5.^a da presente convocatoria, achegando con esta a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou, no seu caso, do pasaporte.
b) Fotocopia compulsada da documentación acreditativa do nivel de estudos.

c) Documentación que o/a solicitante desexe que sexa tida en conta na fase de concurso, conforme co establecido na base 10.^a da presente convocatoria.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e poderá facerse no Rexistro de Entrada deste Concello tanto presencial como electrónico, ou ben en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. En calquera dos supostos distintos á presentación da solicitude nos rexistros do Concello de Avión o/a aspirante deberá comunicalo, achegando copia da solicitude vía correo electrónico ao enderezo: concello@concelloavion.org.

3. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan afectar a súa validez poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Sétima.- Admisión dos/as aspirantes

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o Sr. alcalde ditará Resolución aprobando as listas provisionais de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión das causas, no prazo máximo de 1 mes, aínda que este prazo podería ser ampliado cando resulte necesario como consecuencia do número de solicitudes recibidas ou dos trámites de estudo da documentación presentada. Estas listas provisionais serán expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Avión e na súa páxina web (<https://www.concelloavion.org/>) concedéndolles un prazo de 10 días naturais para os efectos de reclamacións e/ou correccións de deficiencias. Se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas polo Sr. alcalde na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se publicará da mesma forma. A data desta última será determinante dos prazos para impugnación ou recursos.

2. Na Resolución de aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos farase público o lugar, data e hora da proba da fase de oposición a que se refire a Base 10.2.^a das presentes bases.

Oitava.- Tribunal cualificador

1. O tribunal cualificador terá a seguinte composición:

- Tribunal titular:

- Presidente: don Alejandro de Diego Gómez, secretario do Concello de Avión.

- Secretaria: dona Irene Estévez Pérez, administrativa do Concello de Avión.

- Vogais: dona Sonia Nogueira Estévez, xefa dos Servizos Sociais do Concello de Avión; e don Roberto Rodríguez Alejos, administrativo do Concello de Avión.

- Tribunal suplente:

- Presidente: dona Milagros María Blanco Mouriño, administrativa do Concello de Avión.

- Secretaria: dona Ana María Cañizo Cerdeira, auxiliar administrativa do Concello de Avión.

- Vogais: dona María Isabel Gabián Lorenzo, auxiliar administrativa do Concello de Avión; e don Gil Gabián Barreiro, operario de Servizos Varios do Concello de Avión.

2. Todos os membros do tribunal terán voz e voto agás a secretaria, que só terá voz.

3. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a súa abstención, de conformidade co establecido na mesma Lei, no prazo de 30 días naturais dende a publicación destas bases.

4. Para a válida actuación do tribunal se requirirá a presenza de tres dos seus membros, tanto titulares como suplentes, e sempre coa presenza do presidente e a secretaria.

5. O tribunal poderá acordar a incorporación de asesores especialistas ou que teñan a experiencia necesaria para as probas correspondentes que estimen pertinentes.

6. Unha vez realizado o procedemento de selección, o tribunal fará proposta razoada de cobertura do posto de traballo, elevándoa ao Sr. alcalde, que requirirá ao seleccionado/a para que presente a documentación acreditativa das condicións dos/as aspirantes a que se refire a Base 5.^a da presente convocatoria e que non se presentara xunto coa solicitude de participación, para os efectos de asinar o correspondente contrato de interinidade.

7. O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se lle presenten e adoptar os acordos precisos para o bo fin do proceso.

Novena.- Desenvolvemento das probas

1. Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, quedando excluídos do proceso selectivo os que non comparezan á súa realización, agás os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

2. Para os efectos de identificación, os/as aspirantes acudirán ás probas provistos do DNI/NIE ou, no seu defecto, do pasaporte ou documento público que acredite a súa identidade.

3. Os/as aspirantes accederán aos lugares de realización das probas sen portar teléfono móbil ou apagado, no seu caso.

4. Na fase de oposición deberá garantirse o anonimato dos aspirantes.

5. As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os asesores e/ou os colaboradores designados por parte deste, e os opositores.

6. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a



totalidade dos requisitos esixidos na base 5.^a da convocatoria, previa audiencia do interesado/a, procederá a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

7. Concluído o exercicio a que se refire a base 10.2.^a das presentes bases o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes con indicación da puntuación obtida.

Décima.- Proceso de selección

O tribunal seleccionará aos/as aspirantes mediante unha fase de concurso e unha fase de oposición:

1. Fase de concurso:

O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes xunto coa solicitude de participación a que se refire a base 6.^a das presentes bases, conforme ao seguinte baremo:

- Por cada mes completo traballado en postos similares ao da praza á que se opta, tanto na administración pública como na empresa privada: 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

- Por cada mes completo traballado en postos de axuda no fogar e/ou limpeza no fogar: 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.

Esta experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se acredite debidamente non se tomará en consideración.

2. Fase de Oposición:

Exercicio de carácter práctico consistente en contestar un cuestionario tipo test de 20 preguntas con 3 respostas alternativas cada unha delas, durante un tempo máximo de 30 minutos, sobre cuestións prácticas relacionadas co posto de traballo a cubrir e as súas funcións. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un 5 para superar esta fase e, polo tanto, o presente proceso selectivo, non penalizando as respostas erróneas ou deixadas sen contestar.

Décimo primeira.- Proposta de aprobado/a

1. A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións correspondentes á fase de concurso e á fase de oposición, non computándose a fase de concurso a aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

2. Concluída a cualificación do proceso de selección, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de todos/as os/as aspirantes coa puntuación final e en base a ela elevará a correspondente proposta de contratación a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación total máis alta.

3. De producirse empate na puntuación final este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición, se isto non fora suficiente, pola maior puntuación na fase de concurso. De persistir o empate resolverase por sorteo que se realizará en presenza dos/as interesados/as.

Décimo segunda.- Presentación de documentos.

1. O/a aspirante proposto/a presentará na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de 15 días naturais contados a partir da publicación do resultado desta convocatoria, os documentos que acrediten que cumpre todas e cada unha das condicións esixidas na base 5.^a desta convocatoria e que non se presentara xunto coa solicitude de participación.

2. Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior o/a aspirante proposto/a non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte no proceso, chamando para ocupar o posto ao/á seguinte de maior puntuación da relación publicada polo tribunal.

Décimo terceira.- Formalización do contrato

1. Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o Sr. alcalde procederá á contratación a favor do/a aspirante proposto/a polo tribunal, sendo nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

2. A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de 5 días a contar dende a data de notificación do acordo de nomeamento.

3. Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4. A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requirida polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e coas normas que para o efecto dite o alcalde do Concello de Avión ou persoa ou persoas en quen delegue estas funcións.

Décimo cuarta.- Normas finais.

1.- A presentación de solicitude de participación no presente proceso selectivo supón a aceptación das presentes bases polos aspirantes.

2.- Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

3.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria realizados con suxeición a estas bases, así como da actuación do tribunal en cada caso, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso de selección, salvo que así o decida a Alcaldía de Avión.

4.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación. Con carácter potestativo e previo poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local deste Concello de Avión no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que se considere procedente.

Avión, 1 de abril de 2019. O alcalde.

Asdo.: Antonio Montero Fernández.

Anuncio

La Junta de Gobierno Local de este Ayuntamiento de Avión, en su sesión ordinaria celebrada el día 1 de abril de 2019, aprobó las siguientes:

Bases para la contratación laboral temporal, mediante contrato de interinidad, de 1 plaza vacante de limpiadora en la plantilla de personal laboral de este ayuntamiento de avión hasta su cobertura definitiva

Primera.- Objeto

El objeto de las presentes bases es la contratación laboral temporal, mediante el contrato de interinidad, para cubrir temporalmente el puesto de trabajo previsto en la plantilla de personal laboral de este Ayuntamiento de Avión con la denominación de "Limpiador/a" actualmente vacante por jubilación de la hasta ahora trabajadora contratada para el mismo, durante el proceso de selección para su cobertura definitiva.